

22. CATEGORÍA PREMINIBASKET MASCULINA E FEMININA.

22.1. Regras de Xogo

Os encontros os disputarán equipos en formato de 4 contra 4, coas seguintes variantes respecto do Regramento de Minibasket:

- Cada equipo deberá inscribir na acta de xogo un mínimo de 7 xogadores/as e un máximo de 10.
- Cada xogador deberá permanecer no banco de substitutos durante UN período completo e deberá xogar polo menos dous períodos completos durante os cinco primeiros períodos, entendéndose período completo desde que se inicia o período ata que finaliza, sen excepcións.

DATA INSCRICIÓN DE EQUIPOS

Data tope de inscrición: 14 de outubro.

XOGADORES

A data límite para dar de alta xogadores nesta categoría será a do 31 de marzo do 2017.

Nesta competición xogarase con equipos de 4 xogadores/as sendo o mínimo exixible para inscribir no acta o de 7 e o máximo de 10. Así mesmo permitirase un máximo de 15 xogadores/as que poderán ter á vez licenza por un equipo, se ben só se poderán aliñar un máximo de 10 xogadores por partido.

Excepcionalmente, permitirase que como máximo tres xogadores/as pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poidan ser aliñadas na liga FGB e na súa Fase Final.

ARBITRAXES

As arbitrxes serán zonais.

FORMA DE XOGO

As fases locais e a Liga FGB definiranse por estas categorías:

- a) Masculino e Mixto.
- b) Feminino.

O sistema de competición, poderá modificalo o Comité de Actividades da FGB, debido ao número cambiante das inscricións nesta categoría.

Nesta competición poderá facerse un grupo de B, non clasificatorio para Liga FGB con aqueles equipos que así o desexen, sempre que haxa un mínimo de 8 equipos.

Os xogadores que disputen esta liga B e os seus clubs teñan equipos na Liga A permitirase que como máximo tres xogadores do equipo da liga B poidan aliñarse na Liga A.

FASE ZONAL:

Fase Previa:

Cada Delegación organizará esta fase. As bases de competición de cada unha delas deberán ser aprobadas polo Comité de Actividades da FGB. Procurarase, se o número de equipos así o permite, facer dúas divisións.

En ningún caso os equipos xogarán menos de 18 partidos.

Copa Primavera

Unha vez finalizada a competición clasificatoria para Fase Fina a FGB poderá organizar a Copa Primavera. Sendo esta competición de carácter zonal e co formato que se estipule polo Comité de Actividades en base as solicitudes para disputala.

BALÓN OFICIAL DE XOGO.

O balón oficial de xogo para esta categoría será da marca MOLTEN modelo minibasket. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

• COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso:

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebArbitro/index.aspx>
<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebClub/>

22.2. LIGA FGB-PREMINIBASKET

Liga FGB

Clasifícanse para xogar a Liga FGB Premini os equipos clasificados en 1º posición de cada un dos grupos zonais (7 equipos), e 1 equipo máis de cada unha das zonas que quedasen entre os catro primeiros clasificados da temporada anterior (4 equipos), máis 5 equipos de aquelas delegacións co maior número de equipos inscritos na temporada 2016-2017 a data 17.12.16.

Nunca se clasificarán máis de 3 equipos por delegación zonal e categoría.

As Fases de clasificación deberán estar rematadas o día 23 de Abril do 2017 para xogar a Liga FGB Preminibasquet.

Será obligatorio para disputar esta Fase final acreditar como mínimo a 8 xogadores/as

Os 16 equipos distribuiranse en grupos de 4 equipos cada un (A, B, C e D) e disputarán unha liga a dobre volta por réxime de concentración en 3 fins de semana (cada concentración disputará dúas xornadas en horarios de mañá e tarde), os grupos A e B formarán os Grupos NORTE, e os grupos C e D farán os Grupos SUR.

A distribución dos grupos farase o día do sorteo do calendario.

Estas concentracións disputaranse nas sedes que designe a FGB, previa petición dos clubs participantes ou calquera outra entidade que queira organizalas.

22.3. CRUCES CLASIFICATORIAS A FASE FINAL LIGA FGB PREMINIBASKET

Xogaranse os cruces que determinarán aos equipos que se clasifican para a Fase Final da Liga FGB, a encontro único no lugar designado pola Federación Galega.

Os emparellamentos serán os seguintes:

- 2º Grupo B – 1º Grupo D. Eliminatoria 1
- 2º Grupo A -- 1º Grupo C. Eliminatoria 2
- 2º Grupo C – 1º Grupo A. Eliminatoria 3
- 2º Grupo D -- 1º Grupo B. Eliminatoria 4

22.4 DATAS DE XOGO

Fins de semana correspondentes ás seguintes datas:

Fase Local:

Os fins de semana de Outubro a Abril.

Liga FGB :

Maio: 7, 14 e 21.

Cruces Clasificatorias Liga FGB Premini

Maio: Sábado 27

Fase Final Liga FGB

Maio: Domingo 28

22.4. TERREOS DE XOGO

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo oficial. Este terreo de xogo no que disputará os encontros deberá estar catalogado como mínimo como NIVEL III dentro da Normativa de Terreos de Xogo.

Na liga FGB será obligatorio o marcador electrónico.

Nos encontros en que participen equipos que realicen desprazamentos e no caso de

suspensión dese encontro por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá celebrarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo.

Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada para casos de inclemencia atmosférica, o partido deberá disputarse dentro do prazo sinalado anteriormente e nunha pista cualificada co mesmo Nivel. Se finalmente, e por falta de previsión do equipo local, tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá este, sen descontárselle puntos na clasificación e sen que se considere incomparecencia.

22.5. XUNTANZA DO PREMINIBASKET GALEGO.

A Federación Galega de Baloncesto a través da súa Area Deportiva organizará a Xuntanza do Preminibasket Galego nunha data a determinar dentro do primeiro semestre do 2017.